

**VINTE E CINCO ANOS DE SAÍDAS E ACTIVIDADES DO GRUPO
MICOLÓXICO GALEGO**

por
J.A. DÍAZ NÚÑEZ*

Cando naquel, xa lonxano, día nove de marzo de 1992, dezasete fundadores do Grupo Micolóxico Galego firmabamos a Acta Fundacional da nosa asociación, tiñamos moi claro que para cumprir os acordados obxectivos de estudar, divulgar e protexer a formidable riqueza micolóxica de Galicia, deberíamos percorrelas seus camiños e descubri-las singularidades desta terra meiga, que sempre nos ten algo que ofrecer.

Así o fixemos e durante 25 anos visitamos gran parte da nosa paisaxe medioambiental buscando especies e constatando, sen subxectivas impresións personais, que noso fermoso país mudou de traxe nesta curta etapa e que cada vez viste peor. Debemos denunciá-lo e pedir as autoridades responsables un maior e intelixente esforzo na lexilación medioambiental. O cambio climático, a aparición de especies invasoras foráneas, o monocultivo, os incendios forestais e outras lacras, empobrecen o noso medio e a nós mesmos como especie. Pese a todo, noso Grupo, tra las máis de 200 saídas micolóxicas realizadas, pode afirmar que Galicia sigue sendo superlativamente fermosa, que cada volta do horizonte nos sorprende con paisaxes envexosas que todo o mundo debera coñecer, desfrutar, coidar e respetar. Seguiremos traballando para cumprir mellor esa misión pola que naceu o Grupo Micolóxico Galego.

*Presidente do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire. e-mail: diaznunezmach@gmail.com

O modesto obxectivo deste traballo é a mellora das ferramentas dispoñibles para a recolección e herborización micolóxica nas diferentes zonas de Galicia e áreas limítrofes, e á súa amplia-lo noso coñecemento dos hábitats e recunchos aos que podamos ter aceso.

Aquí deixamos testemuña da nosa fantástica viaxe de 25 anos pola nosa xeografía, incluíndo algunhas saídas a Zamora e León, e en maior grao ao noso querido país irmán, Portugal.

MECÁNICA E MÉTODO EMPREGADO PARA O TRATAMENTO DE MATERIAL ATOPADO EN CADA SAÍDA


Os compoñentes do grupo recollen en cada saída mostras das especies atopadas e anotan as súas características morfolóxicas e organolépticas, reunense para unha primeira e provisional identificación de campo, posteriormente no laboratorio de micoloxía realizarase a comprobación e determinación do material atopado, conservándose sempre exemplares deshidratados nunha micoteca para futuras revisións. De este modo, os datos obtidos poden ser publicados e contribuir a ampliar o catálogo de especies de Galicia (<http://www.mykes.es/contidos/>).

ANÁLISE DAS ACTIVIDADES REALIZADAS E DISTRIBUCIÓN DAS SAÍDAS

Para poder analiza-la información, presentamos mediante un mapa, táboas e gráficas os datos globais de todas as actividades realizadas polo Grupo Micolóxico Galego (GMG). O desglose completo recollese nun Anexo que se pode consulta na nosa páxina web (<http://www.mykes.es>). Deste modo axudaranos à visualización e á comprensión da laboura realizada e permitiranos mellora-la distribución das futuras saídas e a cubrir áreas non exploradas ata agora.


O detalle do mapa con todas as saídas pode verse na páxina web do GMG (<http://www.mykes.es/>), ou ben aplicando un lector de código BIDI na imaxe, ou tamén na Internet co seguinte enlace

https://drive.google.com/open?id=1srrC-U_17e5ifFgyilHqhVXDcyzhNgnb&usp=sharin



Como se pode ver no mapa, as visitas realizáronse principalmente en Galicia, aínda que tamén cubriuse algo de Portugal, sobre todo nas zonas próximas a Galicia (Distrito de Caminha, Tras os Montes, etc.). Ademais leváronse ao cabo saídas moi puntuais ás zonas de Zamora e León (Puebla de Sanabria e Ancares).

En Galicia existen na actualidade 313 Concellos. Deles 93 pertencen á Coruña, 67 a Lugo, 92 a Ourense e 61 a Pontevedra. A superficie de Galicia é de 29 574 000 m², quedando repartidos como segue: A Coruña 7 950 000, Lugo 9 856 000, Ourense 7 273 000 e Pontevedra 4 495 000 m². Na táboa 1 pódense ve-lo número de saídas realizadas e os concellos visitados, coa superficie en metros cadrados e as porcentaxes correspondentes.



Táboa 1.

Como se pode observar na táboa 1, as saídas foron numerosas, sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense. En xeral non se supera o 50% dos concellos existentes, o que significa que se visitaron de forma máis exhaustiva algúns deles. Os concellos que máis se exploraron por provincias son: Folgoso do Courel, en Lugo con 8 visitas; Cangas do Morrazo, en Pontevedra, con 6 visitas; Vilariño de Conso en Ourense, con 5 e os de Pontedeume, Carballo e Ribeira, na provincia da Coruña, con 3 visitas cada un. Non obstante, o interese micolóxico destas zona convida a seguir visitándoas nas diferentes estacións do ano.

En tódalas provincias quedan polo tanto interesantes lugares por visitar. En Ourense, as Terras de Celanova, Muíños, Baltar, o Val de Laza, Verín ou a comarca do Carballiño. En Lugo, as fronteiras con Asturias dende A Fonsagrada e Negueira de Muñiz, ata a parte máis setentrional da zona de Taramundi e A Pontenova. Tamén en Lugo, a Serra de Meira e a Terra Chá merecen a nosa futura atención. Na provincia da Coruña quedan

algunhas zonas pouco visitadas, como son as Terras de Melide, Sobrado dos Monxes, Ordes e o Alto Tambre. En Pontevedra propónse unha maior atención á Terra de Montes, Caldas de Reis e o Val de Moaña. En calquera caso, pódese consultar o mapa de visitas, para completa-las exploracións.


HÁBITATS VISITADOS

Estableceuse unha caracterización para trata-los datos das comunidades vexetais exploradas, aínda que hai que ter en conta que en Galicia, moitas destas comunidades mestúranse e constitúen formacións mixtas (eucaliptal-piñeiral, matogueira-piñeiral, etc.), por elo en moitos casos as visitas incluían a inspección de diferentes hábitats. Como se pode observar na táboa 2, nas catro provincias galegas visitáronse 16 tipos de comunidades vexetais.

HÁBITATS	C	LU	OU	Po	Nº VISITAS
Bidueiral	1	2	3	0	6
Carballeira	6	21	25	11	63
Dunas	7	1	0	2	10
Encinar	0	0	2	0	2
Eucaliptal	1	4	0	1	6
Faial	0	9	0	0	9
Laurisilva	0	0	0	1	1
Matogueira	7	0	5	5	17
Pinar	18	6	12	7	43
Pinares dunares	5	0	0	11	16
Plant. ornamental	0	0	0	2	2
Prado/pastizal	1	3	2	0	6
Ripisilva	10	10	2	10	32
Sobreiral	1	0	0	4	5
Souto	0	12	6	0	18
Teixedal	0	0	1	0	1
TOTAIS	57	68	58	54	237

Táboa 2.

Na gráfica da táboa 3 pódese ver, por provincias, os tipos de formacións visitadas e a concidencia da vexetación dominante en cada unha delas; as carballeiras en Ourense e Lugo, os faias en Lugo, o aciñeiral en Ourense e as dunas na Coruña e Pontevedra.



Táboa 3.

En Galicia, como é normal, a comunidade máis visitada é a carballeira, é dicir, a formación dominada por *Quercus robur*, con maior ou menor diversidade de especies arbóreas e herbáceas acompañantes. A continuación lle seguen os piñeirais, reflexo do cambio que sufriu o uso da nosa terra na segunda metade do século XX. Outra formación á que se lle fixo maior fincapé son os soutos de castiñeiros e bosques de ribeira ou ripisilvas, dominados por *Alnus glutinosa*, abeleiras, salgueiros, etc. Prestóuselle tamén atención especial aos ecosistemas dunares e os seus piñeirais asociados, que presentan unhas particulares condicións edafoclimáticas. Pódese observar que as comunidades de teixos, faias, loureiros e ornamentais foron as menos visitadas, dato a ter en conta para futuras saídas.

Ata aquí este traballo, coa intención de seguir ampliando este mapa de visitas, coñecendo, protexendo e divulgando a realidade micolóxica e medioambiental de Galicia. Este é o compromiso do Gurpo Micolóxico Galego para os próximos 25 anos. Ou máis.